



Guía Docente

Datos Identificativos					2012/13
Asignatura (*)	Lingua castelán e a súa didáctica			Código	652G02010
Titulación	Grao en Educación Primaria				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Galego				
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas				
Coordinación	Carballal Miñan, Patricia	Correo electrónico	patricia.carballal@udc.es		
Profesorado	Cano López, Pablo	Correo electrónico	pablo.cano@udc.es		
	Carballal Miñan, Patricia		patricia.carballal@udc.es		
Web	http://www.educacion.udc.es/				
Descrición xeral	<p>Coñecemento do currículo en lingua e literatura castelá na Educación Primaria.</p> <p>A lingüística aplicada aos procesos de comunicación na Educación Primaria.</p> <p>Análise do comportamento fónico e léxico da lingua castelá.</p> <p>Análise do comportamento morfosintáctico e pragmático da lingua castelá.</p> <p>Desenvolvemento da competencia en expresión oral, na lectura e na escritura en lingua castelá. Coñecemento e dominio de técnicas de expresión oral e escrita.</p> <p>Fomento da lectura crítica de todo tipo de textos en lingua castelá.</p> <p>Coñecemento do proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e do seu ensino, e impulso da escritura.</p> <p>Dificultades para a aprendizaxe da lingua castelá no alumnado con lingua de instalación diferente ás oficiais en Galicia.</p> <p>Didáctica da expresión oral nas dúas linguas oficiais.</p>				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.
A43	Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.
A45	Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura.
A46	Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.
A47	Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino.
A48	Fomentar a lectura e animar a escribir.
A50	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B8	Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lxicamente.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.	A11		
Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.	A43		
Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura.	A45		
Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.	A46		
Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino.	A47		
Fomentar a lectura e animar a escribir.	A48		
Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.	A50		



Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.		B3	
Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.		B7	
Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lóxicamente.		B8	
Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.		B9	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma			C1

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Definición e obxectivos da Didáctica da Lingua	1. 1. O profesor de Didáctica da Lingua 1. 2. O currículo de lingua e literatura en Educación Primaria
Tema 2. As habilidades lingüísticas	2. 1. O proceso comunicativo 2. 2. A comprensión oral 2. 3. A expresión oral 2. 4. A comprensión lectora 2. 5. A expresión escrita
Tema 3. Pronuncia e ortografía.	3. 1. A pronuncia 3. 2. Linguaxe oral e linguaxe escrita: relacións e diferenzas
Tema 4. Didáctica da gramática: morfoloxía da lingua castelá	4. 1. Unidades morfolóxicas 4. 2. Clases de esquemas de combinación morfolóxica 4. 3. Didáctica da morfoloxía da lingua castelá en Educación Primaria.
Tema 5. Didáctica da gramática: sintaxe da lingua castelá	5. 1. Obxecto da sintaxe 5. 2. Unidades da sintaxe 5. 3. Didáctica do léxico da lingua castelá en Educación Primaria
Tema 6. Didáctica do léxico	6. 1. A adquisición de vocabulario 6. 2. O ensino do léxico 6. 3. O uso do dicionario 6. 4. Didáctica do léxico da lingua castelá en Educación Primaria

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	2	0	2
Prácticas de laboratorio	23	23	46
Sesión maxistral	23	23	46
Proba obxectiva	2	50	52
Atención personalizada	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Os alumnos/as utilizarán documentos bibliográficos proporcionados polo/a profesor/a para ampliar os seus coñecementos sobre a materia.
Prácticas de laboratorio	Consistirán no deseño de actividades destinadas á ensinanza da lingua castelá en Educación Primaria a partir dunha selección de textos proporcionados polo/a profesor/a.
Sesión maxistral	As exposicións orais do profesorado servirán como guía da materia.
Proba obxectiva	Con esta proba preténdese determinar, de xeito obxectivo, tanto os coñecementos adquiridos polo alumno/a durante o curso como a súa competencia en expresión escrita en lingua castelá, a súa capacidade de relación e a súa madurez crítica.

